



## Actividade industrial en Galicia

### NOTAS METODOLÓXICAS

---

#### 1. Información de base

A información reflexada nas táboas ten como soporte a "Estadística Estructural de Empresas" (EEE) elaborada polo INE. Desta operación faise unha explotación específica dos microdatos en función da CNAE da empresa en Galicia (que non sempre coincide coa CNAE principal da empresa matriz) para obter resultados por agrupacións e sectores de actividade das variables:

- Número de locais
- Ocupados
- Importe neto da cifra de negocios
- Soldos e salarios
- Inversión en activos materiais

Esta opción, no contexto da actividade económica en cada rama, facilita a construción de indicadores homoxéneos e coherentes, así como comparacións territoriais.

#### 2. Variables de clasificación

##### Actividade económica

Considérase como actividade económica principal aquela que xera maior valor engadido da empresa. A difusión dos resultados seguirá a desagregación seguinte:

##### TOTAL INDUSTRIA

##### **Industrias extractivas, enerxía, auga e residuos (CNAE 05, 06, 07, 08, 09, 19, 35, 36, 37, 38, 39)**

Extractivas (CNAE 05, 07, 08,09)

Enerxía (CNAE 06, 19, 35)

Ciclo da auga (CNAE 36)

Xestión residuos (CNAE 37, 38, 39)

##### **Alimentación, bebidas e tabaco (CNAE 10, 11, 12)**

Cárnicas (CNAE 10.1)

Derivadas da pesca (CNAE 10.2)

Lácteas (CNAE 10.5)

Panadería e pastas (CNAE 10.7)

Outras industrias alimenticias; tabaco (CNAE 10.3, 10.4, 10.6, 10.8; 12)

Pensos (CNAE 10.9)

Bebidas (CNAE 11)

##### **Téxtil, confección, coiro e calzado (CNAE 13, 14, 15)**

Téxtil (CNAE 13)

Confección (CNAE 14)  
Coiro e calzado (CNAE 15)

### **Madeira e cortiza, papel e artes gráficas (CNAE 16, 17, 18)**

Madeira (CNAE 16)  
Industria do papel (CNAE 17)  
Artes gráficas (CNAE 18)

### **Industria química e farmacéutica (CNAE 20, 21)**

Industria química (CNAE 20)  
Industria farmacéutica (CNAE 21)  
Caucho e materias plásticas (CNAE 22)  
Produtos minerais non metálicos diversos (CNAE 23)

### **Metalurxia e fabricación de produtos metálicos (agás maquinaria e equipo) (CNAE 24, 25)**

Metalurxia (CNAE 24)  
Produtos metálicos (CNAE 25)

### **Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico (CNAE 26, 27)**

Electrónica (CNAE 26)  
Material eléctrico (CNAE 27)  
Maquinaria e equipo mecánico (CNAE 28)

### **Material de transporte (CNAE 29, 30)**

Vehículos de motor (CNAE 29)  
Outro material de transporte (CNAE 30)

### **Industrias manufactureiras diversas, reparación e instalación de maquinaria e equipo (CNAE 31, 32, 33)**

Mobles (CNAE 31)  
Outras industrias manufactureiras (CNAE 32)  
Instalación e reparación (CNAE 33)

## **3. Clasificación territorial**

A tabulación dos resultados ven condicionada polo deseño mostral nas operacións de orixe, que toman a Comunidade Autónoma como única referencia territorial, o que exclúe unha presentación territorial dos datos máis desagregada.

## **4. Calendario de difusión**

Os datos de Actividade Industrial en Galicia publícanse con carácter anual recorrente, en coherencia coa fonte orixe dos datos. O calendario concreto de difusión ven condicionado precisamente pola dispoñibilidade dos microdatos de base.

## 5. Definición e/ou notas explicativas

### Empresa

A partir do exercicio de referencia 2018 o INE fai unha nova implementación práctica da unidade estatística “empresa”. A definición da unidade estatística ‘Empresa’ ven dada polo Regulamento da Unión Europea (696/93) que a define como ‘a combinación máis pequena de unidades xurídicas que constitúen unha unidade organizativa de produción de bens e servizos e que desfruta de unha certa autonomía de decisión, principalmente á hora de empregar os recursos correntes de que dispoñe. A empresa exerce unha ou máis actividades en un ou varios lugares. Unha empresa pode corresponder a unha única unidade xurídica’.

Ata o exercicio de referencia 2017 incluído, o INE, como a maioría das oficinas de estatística da Unión Europea, veu identificando, a efectos operativos, a unidade estatística empresa coa Unidade Legal (no caso español, mediante o NIF). Así, cada Unidade Legal conformaba unha empresa a efectos estatísticos. Nembargantes, a progresiva complexidade na forma de operar internamente que teñen hoxe os grupos empresariais fai que o Sistema Estatístico Europeo (SEE) busque unha mellora no xeito de reflexar nas estatísticas oficiais de empresas a actividade destes grupos. Efectivamente, as Unidades Legais que pertencen a grupos empresariais, as veces, venden os seus produtos ou prestan os seus servizos exclusiva ou principalmente ao interior do grupo, sen estar orientadas ao mercado nin ter poder de decisión sobre o conxunto do proceso produtivo.

Por iso, e de acordo co Sistema Estatístico Europeo (SEE), a partir dos datos con referencia ao ano 2018 as Estatísticas Estruturais de Empresas establecen unha nova aplicación práctica do concepto estatístico de Empresa, segundo o cal unha ‘empresa’ pode ser:

- ben unha Unidade Legal independente, que non forma parte dun grupo empresarial, polo que suponse que dispón de autonomía de decisión.
- ben un grupo empresarial formado para unha ou varias Unidades Legais.
- ben un subconxunto de unha ou varias Unidades Legais dun grupo empresarial.

Este cambio no tratamento das empresas, que tamén foi implementado na Explotación Estatística do Directorio Central de Empresas (DIRCE), foi anunciado polo INE en Nota de Prensa do 17 de decembro de 2019

[https://www.ine.es/prensa/nueva\\_definicion\\_empresa.pdf](https://www.ine.es/prensa/nueva_definicion_empresa.pdf)

### Actividade económica

A actividade económica realizada por unha empresa defínese como a creación de valor engadido mediante a produción de bens e servizos. Cada empresa pode ter actividades diversas que deberían ser clasificadas en clases separadas da Clasificación Nacional de Actividades Económicas.

En xeral, as actividades levadas a cabo por unha unidade económica poden ser de tres tipos: actividade principal, secundarias e auxiliares. A actividade principal diferénciase das secundarias por ser a que xera maior valor engadido; as actividades auxiliares son aquelas que xeran servizos que non son vendidos no mercado e serven unicamente á unidade da que dependen (departamentos de administración, servizos de transporte, etc.)

Pola dificultade que supón o cálculo do valor engadido cando nunha empresa se realizan diferentes actividades, considérase como actividade principal aquela que xera maior volume de negocio ou, no seu defecto, a que ocupa maior número de persoas.

### **Establecemento ou local**

Enténdese por establecemento ou local toda empresa ou parte dunha empresa, situada nun lugar topográficamente delimitado (taller, fábrica, almacén, local de vendas, oficina, etc.), no que se realizan actividades económicas ás que –agás excepcións– dedican o seu traballo unha ou mais persoas por conta dunha mesma empresa. Se polas propias características da actividade esta non se realiza nun lugar fixo, o establecemento é o lugar desde o que se organiza ou coordina tal actividade.

### **Persoas ocupadas**

Considérase persoal ocupado o conxunto de persoas, fixas ou eventuais, que no ano de referencia exercían unha labor, remunerada ou non, para a empresa e a cargo da empresa. Contribúen, coa aportación do seu traballo, á produción de bens e servizos ou realizan actividades auxiliares na empresa. Inclúe tódalas persoas que forman parte da empresa, aínda que traballen fóra da mesma sempre que sexan pagadas por ela. Inclúe os traballadores a tempo parcial, sempre que traballen mais de 1/3 da xornada laboral completa.

Non se inclúen como empregados determinadas categorías de persoal, tales como o cedido por outra empresa da que depende e o retribúe, as persoas en excedencia ou con licenza ilimitada, os profesionais ligados á empresa por un contrato mercantil, os membros do Consello de Administración remunerados exclusivamente como tales ou os socios capitalistas que non participan activamente na empresa.

### **Cifra de negocios**

A cifra de negocios comprende o total de importes facturados pola unidade de observación no período de referencia polas vendas de bens e servizos a terceiros, considerando tanto os realizados directamente pola propia unidade coma os procedentes de eventuais subcontratacións.

As vendas contabilízanse en termos netos, incluídas as cargas repercutidas ó cliente (por ex.: transporte e envases) aínda que se facturen por separado, e deducidos os descontos sobre as vendas (por ex.: por pronto pago, "rappels" ou devolucións) Inclúe os eventuais impostos e taxas que gravan os bens e servizos, pero non o IVE repercutido ó cliente.

### **Soldos e salarios**

Son os pagos, en efectivo ou en especie, cos que a empresa retribúe o traballo dos seus asalariados. Contabilízanse en termos de importe bruto, sen descontar impostos, contribucións dos asalariados á Seguridade Social e outras obrigas do traballador e retidas en orixe pola empresa.

### **Investimento bruto en activos materiais**

Comprende as adquisicións a terceiros, melloras ou produción propia de activos materiais (terreos, construcións, instalacións, maquinaria e equipo e outros activos materiais).

Valóranse a prezos de adquisición si se compran a terceiros, e a custe de produción si se producen pola propia empresa, incluídos en todo caso os gastos de instalación e tódolos dereitos e canons de aplicación, pero excluído o IVE soportado e deducible así como os gastos de financiamento.

